# O LARETEIRO DO XALLAS

REVISTA ESCOLAR DO CEIP PLURILINGÜE BARRIÉ DE LA MAZA, SANTA COMBA

CURSO 2020/2021

NESTE NÚMERO...


- Auga, dinosauros e arte en Educación Infantil
- 1º de Educación Primaria: todo o aprendido e os seus xacintos
- As mans na sal e as botellas con vida de 2º de Educación Primaria
- Arte en 3º de Educación Primaria
- Autorretratos, cómics, figuras 3D e moito máis en 4º de Educación Primaria
- A lingua como fío condutor e proxectos en 5º de Educación Primaria
- Trabalinguas e Maios en 6º de Educación Primaria
- Educación Musical
- Proxecto Deportivo de Centro
- Lingua estranxeira
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega
- Equipo TIC
- Equipo de Convivencia
- Mulleres Xalleiras
- Pasatempos










Equipos de Dinamización da Lingua Galega


ATOME
SANTA COMBA, 1914-1974




XXII Concurso postais de Nadal








DE FRONTE







# ÍNDICE


Educación Infantil........................................páx. 4

1º de Educación Primaria........................................páx. 16

2º de Educación Primaria........................................páx. 20

3º de Educación Primaria........................................páx. 28

4º de Educación Primaria........................................páx. 32

5º de Educación Primaria........................................páx. 36

6º de Educación Primaria........................................páx. 42

Educación musical........................................páx. 46

Proxecto Deportivo de Centro........................................páx. 48

Lingua estranxeira........................................páx. 52

Equipo de Dinamización da Lingua Galega........................................páx. 56

Equipo de Biblioteca Escolar........................................páx. 58

Equipo TIC........................................páx. 60

Equipo de convivencia........................................páx. 62

Equipo de orientación........................................páx. 64

Mulleres Xalleiras........................................páx. 68

Pasatempos........................................páx. 72

# EDUCACIÓN INFANTIL

As nenas e nenos de Educación Infantil queremos amosarvos algunas das actividades que fixemos este curso. Estes traballos forman parte dos proxectos que fomos desenvolvendo ao longo do ano: A Auga (1° trimestre), Os dinosauros (2° trimestre) e Van Gogh (3° trimestre).

## A AUGA

No 1° trimestre aprendemos moitas cousas sobre a auga: como é, en que estados se presenta, onde podemos atopala, que usos ten... . Tamén nos demos conta de que pode esgotarse e que necesitamos usala dun xeito responsable.




Esta é CLIN, unha gota que nos explicou o ciclo da auga.

Descubrimos que a auga pode estar en estado líquido, sólido (xeo) e gasoso (vapor).













Fixemos un experimento que nos amosou que hai obxectos que flotan na auga e outros afondan.








# SITIOS ONDE HAI AUGA







E como vimos que houbo artistas que tiñan a auga como protagonista dos seus cadros nos tamén fixemos as nosas obras de arte.















# OS DINOSAUROS

Este tema espertou en nós curiosidade, interese, pero sobre todo EMOCIÓN, é un tema que nos apaixona. Descubrir cando viviron, como eran, que comían, como se atacaban e defendían, como se reproducían, os diferentes nomes que tiñan (algúns ben difíciles de pronunciar) onde podemos velos agora, como sabemos que existiron..
Un montón de cousas pero nos xa sabíamos moito destes animais antes do proxecto.









Como verdadeiras paleontólogas e paleontólogos excavamos para atopar fósiles e logo montamos o esqueleto dun Triceratops e dun Pterodáctilo.

















## XOGANDO COS DINOSAUROS







TAMÉN FIXEMOS AS SÚAS PEGADAS




Neste proxecto coñecemos a vida deste gran artista e as súas obras. Ademais aproveitamos para experimentar coa pintura e tamén para plantar xirasois, a flor dunha das súas obras máis coñecidas, "Os Xirasois"

**DECORANDO OS TARROS DONDE PLANTAMOS OS XIRASOIS.**









# PLANTANDO OS XIRASOIS







## XERMOLANDO




## REGANDO





## E ASÍ DE BONITAS NOS QUEDARON






# TAMÉN PINTAMOS AS OBRAS DE VAN GOGH "OS XIRASOIS" E "A NOITE ESTRELADA"



















## NOITE ESTRELADA















E ata aquí a mostra dos nosos traballos que realizamos este curso, esperamos que vos gustasen.

# 1ºA

Este ano recibimos carta de un novo amigos. Chámase Sigurd. Visítanos cando non o vemos. Descolora todo e enviamos cartas e pistas. É un xigante que vive en Islandia.




Este ano tamén tivemos tempo para aprender a relaxarnos. Pintamos uns mandalas mentres escoitamos música tranquila.













Descubrimos que xa podemos desfrutar de todas esas historias que se agochan nos libros. Tamén as puidemos compartir


Este ano aprendemos moitas cousas como por exemplo:
O que aprendin deste curso foi sumar e restar
O que máis me gustou é xogar cos amigos.
Carla Vazqueze RI
Conocer [illegible]
No colexio aprendín
galego e correr e tamén
Leer máis e tamén sumar
Cando empecei o curso:
Cando empecei a coñecer os profesores.
Pintar o dibujo dos Aveinllans.
E a sumar e a restar.
O que máis me gustou foi educación física y recreo
SORAYA
O que máis me gus tou foron os compañeiros
a bu da ro ne e ris car
Martin N
O que máis me gustou foron os compañeiros
NEREA
O que máis me gustou foi os meus amigos.
Daniela 1ºA
Coñecer a profesora Manoli.
PAULA MOURELLE
Aprendín a ler sin saltarme de onde ía.

# XACINTOS NA AULA



Xa chegou a primavera e na aula de PRIMEIRO B imos poñer uns bulbos na auga para observar cómo vai medrando a planta.

Primeiro temos que encher un recipiente con auga case ata enriba



Debemos deixar un espazo entre a auga e a base do bulbo, porque se toca na auga vai podrecer.



Vamoslle poñer uns paus cravados polos lados para que se aguante sobre o recipiente sen tocar a auga.



Ao cabo de poucos días xa empezaron a saír as primeiras raíces



Tamén empezan a medrar as follas.

As raíces fanse máis longas eas follas van medrando cada vez màis





Xa se ve unha parte verde no medio. Que será ?Axiña o saberemos.....





parece que está saíndo unha flor



Que bonita !É de cor azul e que cheiro màis bo desprende !

Unha mágoa que coas máscaras non o poidamos apreciar ben.







A vindeira primavera volveremos a ter xacintos e o seu recendo tornará de novo á clase…

# COAS MANS NA SAL

As rapazas e rapaces de 2º A de Educación Primaria quixeron experimentar coa sal para tratar de fomentar o traballo en equipo, a colaboración, a orde e pulcritude á hora de realizar unha tarefa, os tempos de espera ademais de divertirnos e pasalo ben cos nosos compañeiros e compañeiras.

Empregamos os seguintes materiais:

★ Sal mariña fina
★ Xices de diferentes cores
★ Un bote de cristal
★ Algodón
★ Cartolina
★ Papel celofán
★ La

O primeiro que tratamos de facer foi tinguir a sal coas xices de cores. Nunha folla de papel puxemos un pouco de sal e con diferentes xices pintámola. É importante que a sal quede totalmente pintada da cor que elixamos. O divertido foi facer entre todos porcións de moitas cores que despois empregamos a elixir cada un a que quixera.













A continuación cada rapaza e rapaz foi vertendo as sales no seu bote, pouco a pouco para que non se mesturasen as cores e ao mesmo tempo alternándoas para que o resultado final fose o máis vistoso e lucido posible.

  

Cando o bote estivo completamente cheo púxoselle un anaco de algodón e un tapón ou rolla para que o bote quedase ben cerrado.

Para rematar empregamos na decoración o papel celofán, a cartolina e a la para personalizar cada un o seu traballo e que lucira bonito.

    

    

    

   

   

Co resultado final agasallamos ás nosas familias para que visen o ben que traballamos na clase.





Ordena as letras para formar o nome e os apelidos da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2021.

**EXLA** **SAIRA** **SACTOÑA**

Que sabes da vida de Xela? Completa.

- Provincia na que naceu → **L**
- Nome da nai de Xela → **A**
- Nome do pai → **V**
- Primeiro apelido de Xela → **A**
- Idioma no que escribía → **G**

# BOTELLAS CON MOITA VIDA

Cun pouco de imaxinación, unha botella de plástico baleira e a axuda dun adulto, as nenas e nenos de 2º B fixeron unha morea de obxectos. QUE ARTISTAS!
















NIKE











# CARTEIS MEDIOAMBIENTAIS EN 2º B

Tamén crearon carteis con mensaxes ambientais para dar consellos e advertirnos da importancia de protexer o medio ambiente.















O noso planeta coidaremos se todos reciclamos




Limpemos os nosos bosques, o mundo é de todos.


REUSANDO E RECICLANDO
O MUNDO IMOS SALVANDO




SE A TERRA QUERES
COIDAR TES QUE
RECICLAR





# PEQUENOS PINTORES, GRANDES OBRAS

Ao longo deste curso o alumnado de 3º Educación Primaria vivimos a experiencia de aproximación a algúns cadros dos grandes pintores e da arte. Aprendemos a mirar, analizar, comprender e gozar das obras de arte mediante un novo enfoque das artes plásticas.
Escollemos tres pintores: Frida Khalo, Picasso e Vincent Van Gogh e puxémonos mans á obra.

# FRIDA KHALO





Autorretratos de Frida Khalo

A casa natal de Frida Kahlo, A *Casa Azul*, convertiuse á súa morte nun museo que poderás visitar virtualmente neste enlace ou escaneando o código QR.

http://
frida_kahlo/

www.recorridosvirtuales.com/
museo_frida_kahlo.html

# FRIDAH KHALO

A pequena Frida naceu en **Coyoacán (México )** en 1907.

De pequena tivo unha enfermidade rara

que lle deixou a perna delgada como unha vara.

Pero Frida quiso ser unha **moza valente.**

Había algo nela que a facía diferente.

Decidiu que, grazas a un espello,

pintaría **autorretratros** que mostraran o seu entrecello.

Entre cadro e cadro por fin mellorou.

Era hora de coñecer outra opinión.

**Diego Rivera** ao vela quedou turulato.

Non sabía que lle gustaba máis: ela ou os seus retratos.

O seu foi un amor do máis orixinal.

Como se podía ser tan distinto e, ao mesmo tempo, tan igual?

Nos seus cadros Frida contaba como se sentía: as súas **penas**, súas **enfermidades** e algunha **alegría**.

E chegou o día da súa primeira exposición.

**Os seus retratos causaron sensación.**

Se algo aprendemos da pequena Kahlo

é a dicir : **VIVA A VIDA! E ADEUS AO MALO!**






Pablo Ruiz Picasso naceu en Málaga no ano 1881 e morreu no 1973, en Moulins (Francia). O pai de Picasso era profesor de debuxo e isto influiu moito nel, xa que desde pequeno gozaba debuxando. Aos 8 anos xa pintou algún cadro e aos 15 tiña o seu propio taller onde pasaba horas creando.

Pablo Picasso traballou en todos os campos da arte (escultura, deseño de vestiario, collage, grabados, cerámica,...), sempre estaba ocupado e no transcurso da súa vida creou mais de 50.000 obras de arte.

Durante un período da súa vida Picasso estaba moi triste pola morte dun amigo e os modelos que escollía para pintar eran persoas tristes e pobres .O azul era a cor predominante nese momento. Esta etapa de Picasso chámase ÉPOCA AZUL. Cos anos a súa pintura evolucionou, triunfando as formas coloreadas en tonos rosados. Esta é a ÉPOCA ROSA de Picasso. Estaba sempre namorado.

Esta etapa de tonos rosa cederá o paso a un novo estilo artístico chamado CUBISMO, un movemento no que se utilizan elementos xeométricos (cubos, cilindros, aristas) para compoñer figuras humanas e obxectos.

**Sabías que...**

A Picasso encantábanlle os animais, sobre todo os cans. O can favorito de Picasso era un can salchicha chamado Lump.

Tivo moitas mascotas ao longo da súa vida, desde un rato branco a unha cabra chamada Esmeralda. Desde moi pequeno gustáronlle as corridas de touros e pintou moitos cadros de animais imaxinarios, como centauros, faunos e minotauros.

En 1945, despois de rematar a guerra, Picasso fixo un simple debuxo dunha pomba e este debuxo converteuse en símbolo de PAZ en todo o mundo.

Picasso dicía que o ambiente desordenado o inspiraba.

É unha superestrela da arte mundial!






# VINCENT VAN GOGH

Vincent Van Gogh naceu o 30 de marzo de 1853 en Holanda. Era o fillo maior dun cura de quen herdou a vocación relixiosa e a súa familia non tiña demasiado diñeiro. Aos 16 anos comezou a traballar como empregado na Galería de Arte Goupil da Haya dirixida por seu tío. Alí comeza a súa afición pola pintura e a literatura.

A galería trasladouse a Londres. Alí levou unha vida tranquila e adicouse a debuxar pero despois de ser rexeitado pola muller da que estaba namorado volveuse violento e trasladouse a París. Neses momentos tan deprimentes da súa vida viu a relixión como seu único camiño e decidiu facerse cura pero non foi admitido no seminario.

Traballou como profesor, predicador e vendedor de libros ata darse conta que a súa verdadeira paixón era o debuxo e a pintura. Grazas a seu irmán Theo entrou aos 27 anos na Academia de Pintura de Bruxelas. A pesar de pintar numerosos cadros non conseguía vendelos (so vendíu dous na súa vida) e recibía diñeiro de seu irmán para sobrevivir.

Vincent volveuse solitario e enfermou e, finalmente, nun ataque de loucura, cortouse unha orella. Ingresárono nun hospital onde continuou pintando. En maio de 1890 viaxou cara o norte, ata Auvers-sur-Oise, na busca da axuda dun médico amigo. Pero so dous meses máis tarde disparouse un tiro cunha pistola. Morreu o 29 de xullo e foi soterrado no cemiterio da localidade.

As súas obras máis coñecidas son ***A noite estrelada, A casa amarela, Terraza de café pola noite, O dormitorio en Arlés ou Os xirasois*** dos que nós fixemos a nosa particular interpretación .








Escaneando este código QR podedes acceder á páxina do Museo de Van Gogh en Amsterdam que inclúe unha visita guiada virtual a través do museo así como actividades e xogos infantís relacionados co autor

# AS CLASES DE 4º DE EP



Neste curso tan especial

o noso traballo mantívose igual.

Xuntando contidos de forma transversal

elaboramos o seguinte material.

























Son a Mona Lisa con máscara para protexerme do


Son Rosalía e esta é a miña biografía.


ROSALÍA DE CASTRO
NACEU
FILLOS
CASOU


Coñecemos os continentes.




Creamos cómics.



Empregamos recortes de revista para crear unha imaxe nova.







FRANCIA
PORTUGAL
Aquí está Santa Comba!!
ÓCEANO ATLÁNTICO
MAR MEDITERRÁNEO
ANDALUCÍA
ÁFRICA
Creamos aparellos meteorolóxicos.
O sistema solar.
NASA
Coñecemos o ciclo da auga.

# 5ºA despide este curso tan peculiar

Se algo caracteriza este curso **2020-2021** é o diferente e atípico que foi, e o ben que nos adaptamos a el.

No mes de setembro comezamos con moitas dúbidas, incerteza e medo, pero o curso foi discorrendo tranquilamente, ao mesmo tempo que se convertían en hábitos todas as normas "Covid" que tanto nos asustaron ao primeiro.

Unha das normas foi mudar a maneira de traballar e de organizarnos dentro da aula (…). A este cambio adaptámonos axiña. Outro foi o emprego do ordenador tanto na aula coma na casa, pois adherímonos ao **Proxecto E-Dixgal**. Grazas a isto, puidemos adentrarnos máis nas tecnoloxías, aprender a programar coas clases de robótica, mellorar a competencia dixital, etc.



Ademais desta novidade, e a pesares das limitacións, durante este curso traballamos moito a lingua (tanto oral como escrita), e peneiramos os medos cantando e bailando e aprendendo cancións como a de "Coco Rico"; "Creo" de Guadi, ou o "Baile de Noró", entre moitas máis. Aquí podedes ver algúns exemplos do traballo feito, sendo a **lingua o fío condutor** de todos eles:

**Paseo por Europa**



**Receitario**



## Robótica



## Día de Rosalía




## Asistencia a obra de teatro "Don Gaiferos de Mormaltar"



*Foto na entrada do multiusos.*



*Cartel da obra.*

## e por suposto, O Camiño



## Canción "Creo"



## ALGÚNS PROXECTOS EN 5º B

PROXECTO EMPRESARIAL.

5ºB fixo un proxecto de unha empresa que vai cultivar verdura e que van a vender a supermercados en un mercado semanal.

Prepararon como ía a ser a venda, a relación cos clientes, a posta e valor dos produtos, etc..

O proxecto descubrírono a través de La Voz de Galicia / La Voz de la Escuela nun artigo onde se falaba dos proxectos na educación en Finlandia.

Pensaron en como ían presentar os produtos , elaboraron logos, déronse conta que tiñan que falar con máis xente para poder realízalo ( Concello).

Tamén houbo que investigar na Consellería de Medio Rural para coñecer as normas para cultivar e poder vender as veduras aos comercios.






CONVIVENCIA.

Todos os venres na miña clase de 5º B temos unha actividade chamada CONVIVENCIA.. Esta actividade consiste en que todos os nenos/as temos que elexir un compañeiro/a que poremos un positivo e outro/a que lle poremos un negativo.

Para elixir á persoa do positivo pensaremos no compañeiro que durante toda a semana tivo un bo comportamento, que nos axudou ou nos apoiou en algo.

Para elexir á persoa que lle imos dar un negativo será todo o contrario, pensaremos naquela persoa que durante a semana tivo un mal comportamento ou fico algo que nos puidera molestar. Neste caso á persoa que lle demos o negativo tamén teremos que dicir algo bo dela.

É UNHA ACTIVIDADE MOI DIVERTIDA E MOI INTERESANTE QUE NOS FAI PENSAR NO QUE FACEMOS.

## ALGÚNS PROXECTOS EN 5º B

**MIÑOCAS.**

Os nenos de 5º B fixemos un proxecto que nos propuxo unha profesora. O proxecto era sobre a dúbida dun amigo dela, que non sabía onde planta leitugas, se sería mellor onde hai miñocas ou onde non as hai. Ti que escollerías?

Tivemos que pensar ideas do que podería pasar, tamén tivemos que indagar (buscar información, investigar e innovar) para tentar resolver dúbidas.

Logo plantamos catro leitugas, nas macetas M1 e M2 plantamos leitugas con miñocas na terra. E nas que non teñen miñocas chamámoslle S1 e S2.

Fixemos unhas fichas para seguimento das leitugas e anotar os cambios: se medraron, se hai algo que destaque nas leitugas, se están comidas por algún insecto...).

Fixemos as conclusións e vimos como as macetas M parece que van mellor. Aínda que as S tampouco van mal.





**CENTAUREA BAZARENSE.**

Esta planta propia da Costa da Morte, concretamente nas ladeiras do Monte Castelo entre Coristanco, Santa Comba e Tordoia.

Foi descuberta fai máis de 20 anos e agora está catalogada en diferentes revistas científicas.

O seu descubridor Javier Silva Pando que a planta sobrevivinte é unha variedade nova que chamou Bazarienus ou Bazariense, pola proximidade da poboación de Bazar.

Esta centáurea só se atopa en aprox 10 km cadrados e só quedan uns 6.821 individuos en todo o mundo, sendo solo o noso entorno o único lugar onde se conserva.

A Centáurea Ultreiae Bazariense xa gañou unha segunda batalla contra Greenalia ao ter que facer modificacións na ampliación dos seus parques eólicos na zona.

## ALGÚNS PROXECTOS EN 5º B

### HAIKUS

Neste proxecto tentamos facer haikus, pero tamén en aprender a facelos.

Son de orixe xaponés. Escríbense, segundo a tradición,  en tres verso sen rima, de 5, 7 e 5 sílabas respectivamente.

Solen facer referencia a escenas da natureza ou da vida cotiá. En moitas ocasións inclúen unha referencia á época ou momento do ano no que suceden.

Nesto diferenciamos un haiku do que non o é, xa que non todo que se publica é un verdadeiro haiku. Un exemplo é que un haiku verdadeiro transmite a impresión da contemplación de algo, e que se escriben con estilo natural e sinxelo.






### POESÍA VISUAL.

Na clase de plástica a través das propostas do libro dixital da editorial EDEBE coñecemos a Chema Madoz, un dos autores máis recoñecidos en España no referente á poesía visual.

Así, o profesor encargounos pensar en diferentes posibilidades nos que a unión de dous elementos pouco comúns xuntos provocaran unha nova sensación. Que a poesía visual lograra espertar interese e fixera pensar ao espectador.

Con móbil e con paciencia fomos ensaiando diferentes posibilidades. Tamén iniciamos o traballo do uso da poesía visual aplicada a palabras  transformándoas ou dándolle un novo sentido. Esta última proposta traballamos a través da aplicación Canva.

## ALGÚNS PROXECTOS EN 5º B

ROSALÍA DE CASTRO.

Na nosa clase pareceunos importante falar de Rosalía de Castro porque o 24 de febreiro celébrase o día desta escritora tan importante.

Rosalía de Castro para min e segura que para todos foi unha persoa valente que gracias a ela estamos falando esta lingua tan bonita e sinxela.

Ela non era so valente por iso, senón tamén defendía os dereitos das mulleres, publicou poemas nos que defendía a independencia, a liberdade e a igualdade das mulleres.

Creo que pode ser unha grans inspiración para que nos animemos a intentar cambiar o mundo.




MÁIS PROXECTOS.



MAPAS TOPOGRÁFICOS



ALZHEIMER




DÍA DO LIBRO

BOOKFACE



TEXTURAS. PLÁSTICA.

E MÁIS....


Os trabalinguas de 6ºA

Todo vai saír ben

6ºA Recomenda en Santa Comba...









Na nosa clase (6º B) buscamos información sobre a tradición dos maios. A festa dos maios é unha festa popular galega, cuxas orixes se remontan ás civilizacións prerromanas. Celébrase entre finais de abril e principios de maio e  representa e exaltación da natureza ao comezo da  primavera. Na maioría das localidades celébrase o 1 de maio, aínda que en Ourense fano o día 3.

Na súa manifestación máis habitual, a festa consiste en realizar diversas representacións ao redor dunha árbore ou escultura, chamada maio, consistente nunha armazón ou esqueleto de paus ou táboas de forma cónica ou piramidal, recuberto de tea metálica ou arpilleira, que se cobre de brión, xestas ou fiúncho. A armazón constrúese sobre unha plataforma que, a modo de padiola, permitía transportar o maio polas rúas do lugar.

Sobre esta estrutura debúxanse distintos motivos con flores, follas, fiúncho, fieitos, froitos ou mesmos ovos, como materiais máis habituais. O cume remátase ou «coróase» cunha cruz.

Hoxe, a imaxinación popular tamén constrúe maios coas figuras máis variadas: pontes, hórreos, cruceiros, casas, animais, figuras humanas etc. En localidades costeiras, como Marín, fanse tamén con forma de barco.

Tamén existe o costume de colocar ramas de xesta nas portas da casa e da corte, nas xanelas, carros, leiras e barcas, e actualmente nos coches, na tarde-noite do último día de abril, para que o mes de maio protexa a casa, a xente e as súas propiedades.

Acompañando aos maios, hai grupos de persoas, a miúdo nenas ou nenos disfrazados —que tamén reciben a denominación de maias e maios— adornados con flores, follas ou ramas e cunha coroa de flores, que danzan e cantan coplas populares ou «cantigas», ás veces dialogadas, mentres camiñan ao redor da escultura, acompañados da percusión de dous paus. Era habitual pedir aos asistentes un aguinaldo que, por Lugo e Ourense, adoitaba consistir nun puñado de castañas maiolas (castañas secas), noces ou avellanas, substituídos hoxe por diñeiro.

Había dous tipos de cantigas para cantar ao redor dos maios. Son raras (só sobreviven en Portomarín e Lourenzá) as composicións tradicionais, que se aprenden e repiten ano tras ano. Máis habituais son os textos que se escribían para cada ano, recollendo feitos actuais e, cada vez máis, críticas políticas.

https://www.youtube.com/watch?v=qOJhP_-U_YY

https://youtu.be/kBtyLrek4tA

Neste curso elaboramos os maios colaborando toda a rapazada do centro. Os maiores cubriron as armazóns con xestas e fiunchos e o resto do alumnado adornou con flores, laranxas e colares de ovos.



# A NOSA PRIMEIRA SESIÓN DE COLLAGE









# KANDINSKY APP







# COMPOSICIÓN DA MELODÍA PARA OS DANCING MBOTS









# ¡AY, QUÉ CALOR!





UN NOVO CURSO PARTICIPANDO NO PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO

Unha vez máis, e xa levamos sete cursos, o noso Proxecto Deportivo foi admitido pola Consellería de Educación e despois de facer a xuntanza inicial co profesorado participante a comezo e curso, asentáronse as bases do PDC 2020/2021

A realidade actual que nos toca vivir con motivo desta crise sanitaria limítanos moitas das actividades que fixemos cursos pasados, DIVERTIPATIO e XOVES SOBRE RODAS, por exemplo, terán que esperar a que a situación mellore... pero non por iso temos que estar tristes porque hai moitas outras que puidemos realizar!!!

O PDC 2020/2021 tivo moitas outras actividades coas que gozamos e aprendemos moito da actividade física e da alimentación saudable: EU MÓVOME NAS FINDES ou SON ATLETA CONTRA O VIRUSson dinámicas novas incorporadas a este proxecto e que tiveron lugar nesta época fortemente marcada pola pandemia mundial que padecemos.

Ademais de actividades nas que xa participamos cursos pasados como: "Tenis na Escola", "Concurso de debuxo e redacción DIVERTICAN", "Plataforma DAFIS", "Ioga na Escola" ou a formación para profesorado en materia de reanimación cardiopulmonar e desfibrilador semiautomático (DESA), entre outras, este curso como vimos de comentar, organizamos unha serie de actividades novas que tiveron unha gran aceptación entre o alumnado e as súas familias.

VISITA O BLOGUE DO PDC : http://pdcbarriedelamaza.blogspot.com/




Estamos nunha época na que a saúde é máis importante ca nunca pero movernos non resulta fácil, xa que a obrigatoriedade do uso da máscara protectora e as diferentes restricións de mobilidade fan que a oferta de actividades físicas e deportivas diminúa e que teñamos menos tempo e menos posibilidades que outros cursos.




Desde o equipo de Mestres e mestras do PDC invitamos a todo o alumnado a moverse nas fins de semana. Ademais facelo ten premio! Non só na saúde senón que cada participante na actividade recibiu un pequeno adhesivo como persoa partícipe de primeira man deste movemento que estamos a crear. Para participar cada neno ou nena debía mandar unha foto camiñando coa familia por algún monte ou fraga da contorna. Todas as imaxes enviadas están colgadas na entrada do colexio e na páxina web do Barrié.

# #EUSONATLETACONTRAOVIRUS




Esta foi unha actividade realizada o curso pasado durante o período de confinamento para facer actividade física moderada dende a casa. De forma diaria subiamos a Youtube un reto e as familias tiñan 24 horas para gravar aos nenos e nenas superándoo. Os mestres e mestras faciamos montaxes de vídeos para motivar ao alumnado. Unha vez que o alumnado superou os retos enviámoslle ás súas casas (en colaboración con Protección Civil do Concello) un diploma personalizado coa foto e nome do alumno ou alumna. O alumnado participante tamén realizou dúas actividades para crear unha medalla cunha roda de pataca e unha copa con material de refugallo.

A que esperar para activarte?

**CEIP PLURILINGÜE BARRIÉ DE LA MAZA**

# MÓVETE!

Un dos obxectivos principais do Proxecto Deportivo de Centro (PDC) é a iniciativa de promover a actividade física. Froito dese proxecto naceu este decálogo con 10 proposta de actividade física que de seguro vos serán familiares.

Este folleto é intelixente. Descarga unha app para escanear códigos QR no teu móbil. Podes buscala poñendo "lector de códigos QR" na Play Store ou na AppStore. Abre a app e escanea os códigos da seguinte páxina.

## PIRÁMIDE DA ACTIVIDADE FÍSICA PARA A INFANCIA




## 10 PROPOSTAS DE ACTIVIDADES SAUDABLES

# 10 PROPOSTAS DE ACTIVIDADES SAUDABLES

1

6



2

7

3

8

4

9

5

**MÓVETE!**

10

ESTE FOLLETO É INTELIXENTE. DESCARGA UNHA APP PARA ESCANEAR CÓDIGOS QR NO TEU MÓBIL. PODES BUSCALA POÑENDO "LECTOR DE CÓDIGOS QR" NA PLAY STORE OU NA APP STORE. ABRE A APP E ESCANEA OS CÓDIGOS DESTE TRÍPTICO.

# ENGLISH LANGUAGE

## LET´S PROTECT ANIMALS!

Animals need protection, especially those that are in danger of extinction. There are four main reasons why animals are endangered.

### *GLOBAL WARMING*

The Earth is getting hotter. It´s harder for animals to find the food and wáter that they need to survive.

### *POLLUTION*

The Earth (rivers, islands, forest, plants,...) are polluted by chemical and rubbish. Animals catch diseases and die.

### *LOSS OF HABITAT*

Animals lose their homes when people cut down forests to build farms, roads, cities,... They also lose
their source of food and water.

### *HUNTING AND POACHING*

People hunt and poach wild animals for their skins, horns or tusks, or to sell them as exotic pets.

# ENDANGERED ANIMALS

***MOUNTAIN GORILLAS***

They live in Africa. There are 800 in the world today.



***POLAR BEARS***

They live in the Artic. There are about 20.000 in the world today.



***INDIAN RHINOS***

They live in Asia. There are about 3.000 in the world today.



***TIGERS***

They live in Asia. There are 4.000 in the world today.



***IBERIAN WOLF***

They live in Spain. There are about 2.300 in Spain today.



***GIANT PANDAS***

They live in China. There are about 2.000 in the world today.



# NATURAL DISASTERS

Natural disasters change and alter ecosystems. They bring environmental disturbances as pollute the soil and water; destroy part of flora and fauna, causes loss of human lives and diseases such as malaria, viral infections, ...

## KINDS OF NATURAL DISASTERS

FLOODS

AVALANCHES

VOLCANIC ERUPTIONS

HURRICANES

TORNADOS

EARTHQUAKES

LANDSLIDE

FOREST FIRES

The most famous natural disasters happen in Latin America and Caribbean.



Another ancient and famous disaster was the destruction of Pompii city caused by the eruption od Vesuvius Volcano.

Considering Roman Civilitation so important for us, some students decided to look for interesting information about Roman culture: architecture, sculpture and paintind preserved until our times.







## Samaín

## 25 de novembro. Día Internacional contra a Violencia de Xénero










Aproveitamos a nosa radio "Barrié nas Ondas" nas nosas celebracións. Historias de terror, microrrelatos para a igualdade, poemas de Rosalía ou entrevistas con mulleres Xalleiras. Todo isto podes descubrilo na web.

## ENTROIDO














## Día de Rosalía de Castro





## Día Internacional da Muller







## Semana da prensa

Despois de entrevistar a Mulleres Xalleiras na nosa radio polo 8M, reflectimos esta experiencia en artigos para celebrar a semana da prensa.

## OS MAIOS



ESCANÉAME PARA VER TODO ISTO

## Día das Letras Galegas. Xela Arias Castaño



# A BIBLIOTECA DO BARRIÉ REINVÉNTASE

Este ano tivemos que adaptarnos ás novas restriciÓns, polo que gran parte da actividade da Biblioteca Escolar tivo especial relevancia a través da web do Bibliorrato Xalleiro. Nestas páxinas podedes ver algunhas das actividades levadas a cabo neste curso 2020/2021 e escaneando este cÓdigo tedes acceso a toda a informaciÓn.

## NOVIDADES

MEIGA







Fixemos un vídeo titorial para explicarvos como buscar libros entre os recursos da biblioteca a través do MEIGA. Así, puidemos seguir facendo os préstamos ao alumnado.

Estreamos as secciÓns "Contos narRADIOs", para dar voz aos relatos do alumnado a través da radio escolar; e "Que podo ler?", para facervos recomendaciÓns semanais de lecturas. Podedes ver máis información destas secciÓns escaneando os seguintes códigos QR:

# EXPOSICIÓNS TEMÁTICAS




























# DÍA DO LIBRO

























# UN ANO DE TICS





Foron varios os pilares arredor dos que xiraron as TIC neste curso académico pero sobre todo destacan a: formación do profesorado e como resultado desta, as actividades realizadas co alumnado



## FORMACIÓN DO PROFESORADO?

O Profesorado do CEIP Plurilingüe Barrié de la maza adquiriu un forte compromiso coa súa formación neste curso académico para adaptarse a calquera escenario froito da COVID-19.













## ACTIVIDADES REALIZADAS CO ALUMNADO




A creación do Club de Ciencia posibilitou a dotación de robots así como a formación do profesorado para impartir as distintas actividades realizadas ao longo deste curso académico.




# MAKEY MAKEY

## Música con Makey — Makey



O alumnado de EI, 1º, 2º e 3º de EP vai experimentar a música dunha maneira diferente. A idea xorde da intensa formación que o profesorado do noso centro está a levar a cabo este ano en robótica e programación. É froito tamén, da colaboración da mestra de Música do centro co Equipo de Dinamización das TIC e o Equipo de EI.

Escanéame!

# THE DANCING MBOTS

Escanéame!

## The Dancing mBots



O alumnado de 4º de EP tivo a oportunidade de facer un adianto do que lles agarda o ano que vén en robótica. Coa colaboración da mestra de música e o equipo TIC e as mestras e mestre participantes no PFPP de robótica e programación do noso centro, compuxeron unha canción orixinal e programaron o seu son co programa mBlock e nos robots mBots.

Pola súa parte o alumnado de 5º e 6º, que leva todo este curso gozando dunha sesión mensual de robótica, encargouse de programar os movementos dos robots para as pezas que as compañeiras e compañeiros de 4º de EP compuxeron.

# STEAM ROBÓTICA

## STEAM ROBOTICA

O alumnado do CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza gozará dun primeiro contacto coa robótica. Realizarán unha actividade deste contido vinculada ao PFPP de robótica do noso centro. Non te perdas as imaxes.



Escanéame!

# Equipo de convivencia

Neste apartado da revista recolleremos aquelas experiencias que contribuíron a concienciar ao noso alumnado na mellora da convivencia. A idea destas actividades promove dar a coñecer valores de respecto e igualdade entre todo o noso alumnado e a Comunidade Educativa en xeral.




SCAN ME

SCAN ME

## Día Internacional Da Muller e da Nena Na Ciencia

A ciencia e a igualdade de xénero son vitais para alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Nos últimos 15 anos, a comunidade internacional fixo un gran esforzo para inspirar e promover a participación das mulleres e as nenas na ciencia. Con todo, as mulleres seguen atopando obstáculos para desenvolverse no campo da ciencia.

A ciencia é unha disciplina colaborativa, pero tropeza co obstáculo da brecha de xénero.

Aquí tedes 11 mulleres que cambiaron a ciencia.

Tamén se pretende ofrecer recursos ao profesorado para poder traballar de xeito transversal todas as temáticas que versan sobre a convivencia.

Ofrecéronse diversos recursos para o día internacional da muller. Ademais, de novo recibimos a visita de mulleres xalleiras na nosa radio.




SCAN ME

Bota unha ollada aos recursos para a conmemoración do día Mundial das persoas con Autismo

SCAN ME



Día Mundial Do Autismo

O 2 de abril celébrase o Día Mundial do Autismo. O autismo é unha afección neurolóxica permanente que se manifesta na primeira infancia, independentemente do xénero, a raza ou a condición social e económica. O termo espectro autístico refírese a unha serie de particularidades. Un apoio e unha contorna adecuada e a aceptación desta variación neurolóxica permiten a aquelas persoas que padecen trastornos do espectro autístico gozar das mesmas oportunidades e participar de maneira plena e eficaz na sociedade.

A importancia de coñecer novos modelos de familia e loita contra estereotipos foi traballada nesta charla

SCAN ME



CHARLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL, FAMILIAR, ESTEREOTIPOS DE XÉNERO E CONTRA A LGTBIQFOBIA

GRUPOS PARTICIPANTES

| EDUCACIÓN PRIMARIA | |
|---|---|
| 4ºA | 4ºB |
| 5ºA | 5ºB |
| 6ºA | 6ºB |

# O USO DAS REDES SOCIAIS



A presenza da internet no noso día a día marcou un antes e un despois na sociedade na que vivimos. Desde persoas maiores, pasando por adultos e mesmo adolescentes ou nenos e nenas, a conexión constante mediante o uso de smartphones, tablets ou computadores é unha realidade á que xa todas as persoas nos afixemos, e as redes sociais son un elemento clave para a sociedade nesta era dixitalizada.
Pero este acceso ás páxinas da internet ou as redes sociais non está libre de perigo. A información persoal que subimos a internet como fotos, vídeos, ou os contrasinais das nosas contas persoais, poden estar en risco se non tomamos as medidas adecuadas ante o roubo de identidade ou a información sensible dos nosos dispositivos. Despois de todo, aínda non hai conciencia real sobre a importancia de coidar os nosos datos contra os delitos informáticos que podemos sufrir no noso uso diario das redes sociais.
Atopámonos así, cun caldo de cultivo perfecto para a aparición dos delitos en redes sociais e na internet. Estes son algún dos máis comúns dos que ser vítimas.

## CIBERBULLING

É un termo que se lle dá ao acto de acoso, humillación, burla e ameaza que se lle ocasiona a un neno ou adolescente a través dunha rede social
Ao poder escribir críticas duras ou ameazar desde a comodidade do fogar, os acosadores senten que o acoso é unha actividade que non ten ningún efecto real, esquecendo que alén da pantalla hai unha persoa que está a sufrir as consecuencias do acoso sufrido.



Este tema é delicado e é por iso que o papel dos pais é fundamental. Incluíndo unha supervisión constante das redes sociais que manexan a nenos menores e facéndolles comprender a importancia dun bo uso das redes sociais e o concepto de moralidade.

## STALKING

Tamén é coñecido como hostigamiento ou acoso. Refírese ao feito de acoso, persecución, contacto intrusivo ou constante que unha persoa fai outra por medio de mensaxes a través de redes sociais.
As vítimas poden ver alterados significativamente o seu ambiente e a saúde física e mental. Perturba a tranquilidade da vida cotiá das vítimas, causando alteracións, medo e angustia.

## SUPLANTACIÓN DE IDENTIDADE

O roubo de identidade para facerse pasar por outras persoas nas redes sociais ten distintos fins. Hai quen busca crearse unha identidade falsa, para o que collen fotografías sen consentimento de persoas para facerse pasar por elas nas redes sociais. Dependendo das fotografías, pódense usar para sexting – o envío de mensaxes, fotografías ou vídeos eróticos por medio das redes sociais- ou para facerse pasar por outra persoa e realizar actividades delitivas, acosar ou insultar a outros usuarios, que son considerados delitos na internet.

## PHISHING

Un dos delitos máis antigos na internet é a suplantación de identidade de empresas para buscar facerse con información sensible. Estes correos spam ou mensaxes en redes sociais son moi comúns e non sempre resultan fáciles de detectar como unha suplantación, xa que no phishing os delincuentes mostran un correo electrónico ou mensaxe moi parecida ao real que pode enviar a empresa auténtica.

## DIFAMACIÓN E CALUMNIAS

Un problema igual de frecuente para as empresas como para as persoas. Dentro desta agrupación dos delitos informáticos en redes sociais, atopámonos coa difamación e o ataque á honra de maneira en liña ao non existir unha concienciación firme sobre o delito no que se pode estar a incorrer. Nas redes sociais atopamos unha gran cantidade de persoas que ante unha situación desafortunada cunha empresa ou unha persoa, e escudándose no uso dunha – mal usada – liberdade de expresión, insultan, aumentan ou esaxeran ata límites máis aló do razoable., aínda cando os seus comentarios poidan danar seriamente a reputación e a honra desa persoa ou compañía.



## CHANTAXE

Outro dos grandes problemas que atopamos nas redes sociais, é que a información, as imaxes ou os vídeos privados, poden caer en mans de persoas indesexables que as usen para levar a cabo outro dos delitos na internet máis frecuente: a chantaxe.

## SEXTING

É un dos crimes en redes sociais máis graves e, por desgraza, é un dos máis comprometidos hoxe.
As fotografías ou vídeos con contido sexual son unha das principais ferramentas para levar a cabo a chantaxe baixa a ameaza publicar esas fotografías na internet ou envialas ás persoas próximas á persoa vítima da chantaxe.
Desafortunadamente a través de Facebook e Instagram esténdese rapidamente este tipo de acto criminal.

## OFENSAS Y CALUMNIAS

Unha ofensa e calumnia nas redes afecta á dignidade e altera as estimación que se ten da vítima. Aínda que non parece un delito grave cando se excedan os límites e os dereitos da privacidade son violados, desde as mans de terceiros, sí o é.
As persoas que cometen estes actos de hostigamiento a través das redes sociais, comunmente alegan que están a usar o seu dereito de libre expresión.
Pero hai unha liña bastante difusa desde onde se poden superar os límites e pasar da libre expresión ao abuso e ofensa cara a outra persoa.

## INCITACIÓN AO ODIO

A palabra incitación refírese á acción de motivar, fomentando e alentando a alguén a realizar un acto específico.
Neste caso, refírese a todas aquelas persoas que utilizan redes sociais para publicar e distribuír algún tipo de escrito, imaxe ou video que fomenta a humillación, a xenofobia ou a discriminación cara a algo ou a alguén.
Algúns exemplos, poderían ser escritos de discriminación racial, orientación sexual, relixión, entre outros casos.

Como podemos ver, as redes sociais tamén son lugares onde debemos tomar precaucións ante os posibles delitos informáticos que se dan constantemente. O roubo de identidade, a exposición de fotografías de contido sexual sen consentimento, ou a difamación dunha persoa, son situacións das que todas as persoas poden ser vítimas.
Por sorte, todas estas situacións teñen respaldo legal e as autoridades actuarán no noso favor se denunciamos os delitos informáticos nas redes sociais cando fagamos fronte a un deles.

# MÓBIL SI, MÓBIL NON?

O noso alumnado naceu na era das tecnoloxías, e o uso funcional das mesmas constitúese nunha necesidade tanto para todos os ámbitos da vida e como non, tamén para a súa progresión académica.

Como pais e nais somos coñecedores do nivel de madurez dos nosos fillos e fillas e decidimos cando mercarlles un móbil, pero esta decisión debe ser responsable. Debemos acompañalos no uso, porque aínda que eles amosen unha destreza óptima no manexo, non teñen experiencia para valorar os riscos que pode constituír. A rede, ben utilizada, apórtanolo todo e non podemos prescindir dela.



Por outra banda, os nenos e nenas necesitan relacionarse e máis nesta situación de alerta sanitaria, que repercutiu nas relación de todos nós.

Desde este departamento estamos convencidos de o mellor non é prohibir, senón acompañar. Mentres son pequenos podemos deixarlle o noso móbil para algunhas funcións con axuda e supervisión e, cando consideremos que xa poden ter un, sería desexable establecer coa compañía telefónica un control parental, que nos permita saber das súas intervencións en redes sociais, xogos, tempo de uso… ata que adquiramos a confianza respecto do uso responsable.

# RECOMENDACIÓNS DE LECTURAS



























# DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O 8 de marzo celebrouse o Día Internacional da Muller. Como cada ano, recibimos no cole a Mulleres Xalleiras que nos contaron cousas sobre a súa profesión. Este curso a temática das profesións está relacionada co calendario anual, versando así sobre a saúde e os colectivos vulnerables da sociedade.

Recibímolas na nosa radio, para poder recoller en podcasts todo o tratado. Estas charlas e entrevistas podedes escoitalas escaneando este código QR.

## EN EDUCACIÓN INFANTIL RECIBIMOS A LORENA BOGA (EDUCADORA SOCIAL)









EN 1º DE EDUCACIÓN PRIMAIRA A RECIBIMOS A ESTHER ESPASANDÍN (PODÓLOGA)





EN 1º DE EDUCACIÓN PRIMAIRA B RECIBIMOS A ANA TORREIRA (TERAPEUTA OCUPACIONAL)





EN 2º DE EDUCACIÓN PRIMAIRA RECIBIMOS A FLOR OTERO (DENTISTA)





## EN 3º DE EDUCACIÓN PRIMAIRA RECIBIMOS A FLOR VELO (LOGOPEDA)





## EN 4º DE EDUCACIÓN PRIMAIRA A RECIBIMOS A ANA FERNÁNDEZ (PSICÓLOGA)





## EN 4º DE EDUCACIÓN PRIMAIRA B RECIBIMOS A CHUS PÉREZ (EDUCADORA SOCIAL)





EN 5º DE EDUCACIÓN PRIMAIRA RECIBIMOS A MARÍA POSE (ÓPTICA)





EN 6º DE EDUCACIÓN PRIMAIRA RECIBIMOS A RAQUEL PÉREZ (NUTRICIONISTA)







Desde o CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza queremos darvos moitísimas gracias a todas as Mulleres Xalleiras por compartir o voso tempo e a vosa experiencia con nós.

-Que sabes de Xela Arias?




## HORIZONTAIS

1.- Como lle chamaban na súa casa?
2.- Profesión do seu pai.
3.- Nome do seu pai.
4.- A súa nai chamábase...
5.- Lugar onde naceu.
6.- Unha das súas profesións.
7.- Nome do seu fillo.
8.- Libro de Roald Dahl do que foi tradutora: «As...»
9.- Segundo apelido da homenaxeada.

1.- XELIÑA 2.- MESTRE 3.-VALENTÍN 4.- AMPARO 5.- SARRIA 6.- PROFESORA
7.- DARÍO 8.- BRUXAS 9.- CASTAÑO

. Xela viviu en varios lugares de Galicia. Localiza nesta sopa de letras os nomes dos concellos galegos do recadro.

**CARBALLO**
**RIBADAVIA**
**MUROS**
**CERVO**
**ALLARIZ**
**CEDEIRA**
**MONFORTE**
**LALÍN**
**BAIONA**
**MONDOÑEDO**
**FOZ**

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Z | B | F | B | D | A | V | M | X | N |
| C | A | R | B | A | L | L | O | R | M |
| L | I | C | T | D | L | F | N | L | P |
| N | O | S | X | Z | A | G | F | Z | C |
| F | N | B | C | E | R | V | O | H | M |
| L | A | L | I | N | I | C | R | B | U |
| M | V | H | F | O | Z | L | T | V | R |
| Z | M | O | N | D | O | Ñ | E | D | O |
| G | N | C | E | D | E | I | R | A | S |
| R | I | B | A | D | A | V | I | A | X |

Poderías colocar os nomes das razas de vacas que temos por Galicia no lugar que lle corresponda?

**LIMIÁ RUBIA CACHENA CALDELÁ FRISONA VIANESA FRIEIRESA**



Atopa no texto a información para resolver o encrucillado.




1. Nome do fillo de Xela Arias.
2. Concello da provincia de Lugo.
3. Nome dun dos ideólogos do nacionalismo galego.
4. Concello pontevedrés máis poboado de Galiza.
5. Apelido do galés autor da novela infantil *The Witches*.
6. Cidade de orixe romana máis antiga de Galiza.
7. Apelido do italiano autor da obra *Favole al telefono*.
8. Nome da cidade galega na que se atopa o único faro de orixe romana en funcionamento do mundo.
9. Apelido do escritor brasileiro autor de *O Gato Malhado e a Andoriña Señá:Unha Historia de Amor*.

# COLABORAN CON NÓS...

Xallas publicidade

Pereiras Congelados

PANADERÍA O BARRO



Alumnado de 6º A. Curso 2020/2021



Alumnado de 6º B. Curso 2020/2021